Fragmento:"Os tres irmaus"

Eran tres irmaus que decidiran sair polo mundo a se ganala vida e ningún diles sabía falar o castelán, cousa que os traguía moi cavilosos, pois tíñalles dito un veciño que correra moitas terras, que pra se non morrer de fame era preciso falar ben o castelán.

Cando estaban discurrindo o que habían de facer chegaron uns castelaos e púxeronse a latricar moi outo. Entón matinaron de se ir chegando a iles i escoitalos pra deprender. Foi primeiro o máis vello i escoitóu que decían, nosotros. O home coidóuse sabido dabondo e, voltando moi contente unda os irmaus díxolles.

—Xa sei falar o castelán; ouvínlles decir nosotros.

En vista do pronto e ben que o seu irmau deprendera, tamén foi alá o segundo, que chegóu cando un dos castelaos decía: ahora mismo. E correndiño voltóu unda o seus gabándose de que il tamén deprendera o castelán.

—Xa sei decir ahora mismo, dixo todo fachendoso.

O máis cativo, pra non ser menos, tamén foi ó pe dos forasteiros e ouvíulles decir está bien, co que xa se coidóu tan sabido como os seus hirmaus.

Como xa sabían falar o castelán decidiron sair a correr mundo dispostos a se faceren ricos. Mais cando xa estaban en terras de Castela, toparon un día no camiño con un home morto e, como tiñan bo natural, deulles pena dil e collérono pra arredalo da estrada. Niste intre chegaron os garda civís e preguntáronlles:

—«¡Quién mató a ese hombre?».

—Nosotros, respondéu o máis vello dos irmáns, pra lucir os seus conocementos de castelán.

—«¿Cuándo lo han matado?», volveron preguntar os civís.

—Ahora mismo, dixo o segundo, pra non se quedar atrás.

—«Entonces, dense Vds. por presos», dixeron os gardas.

—Está bien, repricóu o máis cativo, tan satisfeito de ver o ben que se enxerguían con aquela xente.

Entón os civís prendéronos e leváronos á cadea onde pagaron ca vida o aldraxe de esquencer a súa lingua pola allea (1).

(«Nós», n.º 41, 1927.—Recollido en
Caspiñón, Sta. Marta de Moreiras)

(1) Tamén en «Santa Marta de Moreiras» e «Contos do fiadeiro».